Acta da sesión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, do día 6 de xuño de 2024

[JCCP/MCVR]

Na sala de comisións "Otero Pedrayo" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos,** o día **6 de xuño de 2024, ás 10:40 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Noa Olalla Presas Bergantiños
(Presidenta)
Gonzalo Trenor López
(Vicepresidente)
Noelia Pérez López
(Secretaria)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
Enrique Barreiro Sánchez
María Deza Martínez
Miguel Fidalgo Iglesias
Patricia García González
María Dolores Hermelo Piñeiro
Carmen María Pomar Tojo
(en substitución de Rubén Lorenzo Gómez)
Cristina Sanz Arias
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Ramón Tomás Fernández Alfonzo
Óscar Insua Lema
Rosana Pérez Fernández
Brais Ruanova Vilas-Boas
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Paloma Castro Rey
(en substitución de Patricia Iglesias Rey)
María del Carmen Rodríguez Dacosta
(en substitución de María Elena Espinosa Mangana)
Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo

Outros intervenientes:
Julio Ernesto Abalde Alonso (S)

Comparecente:
Directora xeral de Patrimonio Natural

Letrado:
Juan Carlos Caride Puente

PARLAMENTO DE GALICIA

A señora presidenta abre a sesión e rógalle á señora secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución.

Punto 1. Pregunta

1.1 4793 (12/POC-000684)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 2 máis
Sobre os proxectos de restauración de ecosistemas mariños e a súa biodiversidade elaborados pola Xunta de Galicia para encadrar no compoñente 4 dos fondos Next Generation, os que estimou o Goberno central e o seu estado de execución
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 31f4, do 29.05.2024

A **señora Castro Rey (S),** dá conta das razóns que motivaron a formulación desta pregunta, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no BOPG anteriormente subliñado.

Pasa a contestar esta pregunta, en nome da Xunta de Galicia, a **señora directora xeral de Patrimonio Natural (Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático) María Sol Díaz Mouteira.**

Ao longo da anterior intervención a señora Rodríguez Dacosta (S), abandona a sesión e incorpórase á mesma para a súa substitución o seu compañeiro de grupo, señor Abalde Alonso.

En rolda de réplica, a **señora Castro Rey (S),** manifesta diversas consideracións discrepantes coa intervención da señora directora xeral, sobre a que expón novas consideracións.

A **señora directora xeral de Patrimonio Natural, María Sol Díaz Mouteira,** pecha o debate desta iniciativa rebatendo algunhas das afirmacións realizadas pola señora deputada e puntualizando os datos amosados na súa anterior intervención.

A Presidencia agradece a presenza e colaboración da señora Díaz Mouteira cos traballos desta Comisión e desculpa a súa ausencia se desexa retirarse da mesma para atender outras obrigas.

Deseguido, a señora presidenta dá conta da entrada no Rexistro do Parlamento do doc. núm. 5191, no que o G. P. dos Socialistas de Galicia comunica a retirada da proposición non de lei da súa autoría doc. núm. 2984 (2.2).

PARLAMENTO DE GALICIA

2.2 2984 (12/PNC-000380)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e 3 máis
Sobre a demanda ao Goberno galego dun acordo coa Fegamp co fin de incrementar o financiamento local
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 22f1, do 08.05.2024

Punto 2. Proposicións non de lei

2.1 1159 (12/PNC-000117)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 2 máis
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe realizar ao Goberno central no que atinxe á regulación dos impostos que lle cómpre ingresar a Reganosa no Concello de Mugardos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 12f2, do 17.04.2024

O **señor Fernández Alfonzo (BNG),** expón os motivos que xustifican a presentación desta iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

A Presidencia informa que a esta proposición non de lei non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios, *-o voceiro do G.P. Mixto, señor Ojea Bouzo, renuncia a facer uso da mesma-*, intervén en primeiro lugar o **señor Albalde Alonso (S)**, quen, tras adiantar o apoio do seu grupo a esta proposta, explica as razóns deste posicionamento.

Nesta mesma rolda intervén polo **G.P. Popular de Galicia** a **señora Sanz Arias,** quen, logo de expoñer diversas consideracións discrepantes coa proposta formulada, defende a postura do seu grupo sobre este tema.

O **señor Fernández Alfonzo (BNG),** fai uso da rolda de puntualizacións para agradecer o apoio anunciado polo grupo da oposición, logo de amosar a súa discrepancia cos argumentos do grupo maioritario.

A Presidencia suspende brevemente a sesión co fin de que se incorpore á mesma a señora Rodríguez Dacosta (S), que está a intervir noutra Comisión que se está a celebrar paralelamente con esta.

Incorporada a sesión a señora Rodríguez Dacosta (S), abandonar a mesma o seu compañeiro de grupo, señor Abalde Alonso.

PARLAMENTO DE GALICIA

2.3 3841 (12/PNC-000477)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa Olalla e 4 máis
Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que solicite a elaboración dun informe á Comisión Galega da Competencia relativo ao impacto que pode producir na sanidade pública de Ourense a alta dependencia respecto de dous centros privados para a derivación da asistencia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 28f1, do 22.05.2024

Intervén a **señora Presas Bergantiños (BNG)** -*logo de abandonar o seu posto na Mesa da Comisión en cumprimento do disposto no artigo 82 do Regulamento do Parlamento*- para a defensa e formulación desta proposición non de lei, con ampliación dos argumentos expostos por escrito e publicados no BOPG anteriormente citado.

A esta iniciativa tampouco se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios para fixar o seu posicionamento, fan uso da palabra en primeiro lugar o **señor Ojea Bouzo (M),** seguido da **señora Rodríguez Dacosta (S),** ambos intervenientes, logo de expoñer as súas argumentacións a respecto da proposta formulada, anuncian o voto favorable dos seus respectivos grupos.

Nesta mesma rolda a **señora Pérez López (P),** logo de amosar diversas discrepancias coas argumentacións expostas polas voceiras/o que a precederon no uso da palabra, destaca as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia no senso da proposta.

Na rolda de puntualizacións a **señora Presas Bergantiños (BNG),** critica as argumentacións e postura do grupo maioritario, insiste na defensa da súa proposta, á vez que agradece o apoio amosado polos demais grupos parlamentarios da oposición.

Rematado o debate, a Presidencia procede á votación das proposicións non de lei pola orde na que figuran na convocatoria e cos resultados que se reflicten a seguir:

2.1 1159 (12/PNC-000117), do **G.P. do Bloque Nacionalista Galego.** Sometido a votación o texto resolutivo orixinal, resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... 7 (GG.PP. BNG+ S)
Votos en contra: ..... 9 (G.P. P)
Abstencións: ..... 1 (G.P. M)

2.3 3841 (12/PNC-000477), do **G.P. do Bloque Nacionalista Galego.** Sometido a votación o texto resolutivo orixinal, resulta **rexeitado** por:

PARLAMENTO DE GALICIA

Votos a favor:..... 8 (GG.PP. BNG+ S+M)
Votos en contra: ..... 9 (G.P. P)
Abstencións: 0

Non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia agradece a todos o seu traballo e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 12:15 horas.

Noelia Pérez López
Secretaria da Comisión

Firmado digitalmente por Noelia Pérez López
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Noelia Pérez López, email=noelia.perez.lopez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.06.11 11:08:08 +02'00'

Vº e dº
Noa María Presas Bergantiños
Presidenta da Comisión

Firmado digitalmente por Noa Presas Bergantiños
Fecha: 2024.06.11 12:55:03 +02'00'